

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas

**RESOLVO:**

Único.-Amplíase en 1.400.000 € para o exercicio 2010 o crédito establecido na partida 02.01-E5/10/01-656700 para as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

## **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*Resolución do 15 de febreiro de 2010 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para o ano 2010 das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.*

Mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (DOG nº 215, do 5 de novembro de 2008).

No artigo 20 das ditas bases establécese a súa dotación orzamentaria, así como que os créditos poderán ser modificados e/ou ampliados á vista das solicitudes presentadas, do cal se daría a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Debido ao elevado número de solicitudes presentadas ao abeiro das tres liñas de axuda establecidas nas bases (circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital) nun contexto en que as pemes galegas deben adecuar o seu financiamento á realidade económica actual, semella oportuno incrementar o importe aprobado para as axudas establecidas nestas bases.